



ACTA DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIONES DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN PARA O INGRESO EN CATRO PRAZAS DE TECNICO/A ESPECIALISTA ESCOLA INFANTIL, COMO FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA NO CONCELLO DE BARREIROS INCLUIDAS NA OEP 2022, COTA XERAL, SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

O día 24 de abril de 2023, ás 9:30 horas, na Casa do Concello de Barreiros e de acordo co disposto nas Bases da convocatoria, aprobadas e publicadas no BOP do 23 de decembro de 2022, reunese o Tribunal cualificador, integrado da seguinte maneira:

- Presidenta: Dona Marta Geadá Arca, funcionaria grupo A1 do Concello de Barreiros..

- Vogais:

- Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral-axente de emprego e desenvolvemento local do Departamento de Fondos Europeos da Deputación de Lugo. (conectase telemáticamente)

- Don Jose Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo. (conéctase telemáticamente).

- Secretaria: Begoña Teijeiro Campo, secretaria-interventora do Concello de Barreiros.

Estando presentes a maioría dos membros do tribunal e en todo caso a Presidente e a secretaria, procédese á revisión e resolución das reclamacións recibidas durante o prazo de alegacións establecido nas bases.

As reclamacións foron presentadas polas aspirantes: Saray Ben García, Vanesa López Muñiz e Alba Castro Prieto e nos tres casos se refiren á valoración da experiencia profesional, non estando conformes coa mesma.

Unha vez revisadas as alegacións realizadas e a documentación presentada polas interesadas no prazo de presentación de solicitudes, o tribunal estima que se deben facer as seguintes consideracións a modo de explicación:

1.- As bases, en relación á experiencia profesional establecen o seguinte:

“A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima deste apartado é de 90 puntos.

A)1 Criterios de Valoración da experiencia profesional:





CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

- Valorarase a experiencia profesional adquirida nas Administracións Públicas definidas no art. 2.3 da LRXSP, como persoal funcionario ou laboral.
- Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.
- O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente, desprezando os decimais, pola puntuación que corresponda conforme se sinala no cadro do apartado
- No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase como si fose xornada completa, computando o tempo equivalente ó sinalado no informe de vida laboral.
- No suposto de relacións laborais de carácter fixo-discontinuo a puntuación aplicarase a todo tempo entre contratación e contratación, computando o ano completo como traballado nese mesmo contrato.

A)2 Cadro de valoración da experiencia profesional:

Apartado	Administración	Puntuación (por cada 30 días de servizos)
2.1	Concello de Barreiros. Mesmo posto ó que se opta.	0,94
2.2	Concello de Barreiros. Outros postos distintos ós que se opta.	0,22
2.3	Outras administracións públicas. <u>Mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente.</u>	0,30
2.4	Outras administracións públicas	0,06

*Para a valoración da experiencia profesional nas prazas ofertadas de carácter fixo-discontinuo, aplicarase un factor de corrección á alza de 2,5 á puntuación obtida por cada apartado, xa que noutro caso a puntuación mínima de 15 puntos a acadar no concurso sería gravosa para este tipo de postos.

A)3 Forma de acreditar a experiencia:

Informe de vida laboral actualizado e certificación do secretario/a da Administración Pública correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa Entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo e tempo de servizos prestados. Esta certificación non será precisa para acreditar a experiencia no concello de Barreiros que xa se comproba de oficio, inda que si se terá que presentar en todo caso a vida laboral actualizada.”





CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Vila, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

2.- A documentación relativa ós méritos aportados coa solicitude en ningún caso é revisada antes da valoración polo tribunal, nin se pode indicar a ningunha das persoas que se presentan ó proceso de selección que presenten documentación adicional en relación a esta cuestión, como pode ser a vida laboral ou os certificados de servizos prestados, esta é unha cuestión que é responsabilidade única e directa da persoa que presenta a solicitude, que ten que reunir os requisitos que establecen as bases da convocatoria.

3.- A pesar de que nas bases se establece claramente a esixencia de presentar certificado de servizos prestados xunto coa vida laboral, o tribunal, en beneficio das persoas aspirantes a estas prazas, considerou que se valoraría a experiencia profesional, en caso de se tivesen aportado, xunto coa vida laboral, os contratos de traballo onde figurasen claramente os datos que permitisen a valoración da experiencia. En ningún caso se valoraría a experiencia solo coa vida laboral ou solo cos contratos de traballo, son necesarias as dúas cousas para poder facer esa valoración, xa que en caso contrario estaría beneficiando de forma inxusta a persoas que non presentaron correctamente a documentación fronte ó resto de aspirantes que sí a presentaron de forma completa e correcta.

4.- As plazas de Técnico/a Especialista Escola Infantil correspondense cun nivel C1, o cal equivaldría, a nivel de grupo de cotización, a un grupo 5. Para poder valorar a experiencia acreditada en Escolas Infantís, distintas da do concello de Barreiros, cunha puntuación de 0,30 puntos por cada 30 días de servizo “outras administracións públicas. Mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente”, sería necesario que ese contrato estivese nese grupo de cotización na vida laboral, en caso de que na vida laboral figurase en grupo de cotización distinto, por exemplo o grupo de cotización 2, xa se valoraría dita experiencia no apartado de “Outras Administracións Públicas” cunha puntuación de 0,06 puntos por cada 30 días de servizo.

Pasando agora a revisar a puntuación de cada unha das persoas que presentou a reclamación, o tribunal detalla o seguinte:

SARAY BEN GARCIA	***8156**	26,32	0,00	0,00	2,76	0,00	10,00	0,00	0,00	39,08
------------------	-----------	-------	------	------	------	------	-------	------	------	-------

Ten 28 meses traballados como Técnica Especialista na Escola Infantil de Barreiros, que se puntúan con 0,94 puntos: 26,32.

O tempo traballado en Escolas Infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade como Técnica Especialista, non chega ós 30 días, polo que non se pode puntuar.

Tamén ten 46 meses traballados como Educadora Infantil (grupo de cotización 2) en outras Escolas Infantís municipais, que se puntúan con 0,06 puntos: 2,76.

Polo tanto, a puntuación asignada inicialmente polo Tribunal estaría correcta e non habería causa para admitir a reclamación efectuada.

VANESA LOPEZ MUNIZ	***8124**	1,88	0,00	0,00	1,50	0,00	10,00	0,00	0,00	13,38
--------------------	-----------	------	------	------	------	------	-------	------	------	-------





CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

Ten 2 meses traballados como Técnica Especialista na Escola Infantil de Barreiros, que se puntúan con 0,94 puntos: 1,88.

O restante tempo traballado que acredita mediante a vida laboral e certificado de servizos prestados no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e contrato laboral do Concello de O Vicedo, ascende a 25 meses, entra dentro do grupo de cotización 2, Educadora Infantil, que se puntúa con 0,06 puntos: 1,50

Polo tanto, a puntuación asignada inicialmente polo Tribunal estaría correcta e non habería causa para admitir a reclamación efectuada.

ALBA CASTRO PRIETO	***8207**	0,00	0,00	3,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	13,00
--------------------	-----------	------	------	------	------	------	-------	------	------	-------

Para acreditar a experiencia profesional presenta varios contratos de traballo como Técnica Especialista acompañados da vida laboral, con grupo de cotización 5, que se puntuarían con 0,30 puntos por cada 30 días de servizos prestados. Sin embargo, neste caso, solo se puideron valorar polo tribunal un total de 10 meses de experiencia nesta categoría (3 puntos), xa que unicamente presenta os contratos do 26/12/2006 ata o 18/08/2021, e non os correspondentes ó tempo traballado dende o 19/08/2021 á actualidade, polo que non se podería valorar esta última experiencia, polas razóns indicadas antes polo tribunal, en aras de respectar a igualdade de oportunidades de todas as persoas que participan no proceso selectivo.

Polo tanto, a puntuación asignada inicialmente polo Tribunal estaría correcta e non habería causa para admitir a reclamación efectuada.

Tendo todo isto en conta, o tribunal ratifícase na valoración inicialmente realizada, quedando de forma definitiva do seguinte xeito:

NOME E APELIDOS DA PERSOA ASPIRANTE	DNI	PRAZAS TECNICO/A ESPECIALISTA ESCOLA INFANTIL								TOTAL
		EXPERIENCIA PROFESIONAL (90 PUNTOS)				FORMACION (10 PUNTOS)				
		Concello de Barreiros. Mesmo posto (0,94 /mes)	Concello de Barreiros. Posto distinto (0,22/mes)	Outras AAPP. Mesmo corpo, escala, categoría (0,30/mes)	Outras AAPP (0,06/mes)	Asistencia (0,05/hora)	Aproveitamento (0,10/hora)	Impartición (0,16/hora)	Titulación superior (0,10)	
BELINDA AMOR CELADA	***8352**	70,50	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	80,50
SARAY BEN GARCIA	***8156**	26,32	0,00	0,00	2,76	0,00	10,00	0,00	0,00	39,08
COVADONGA BOUSO IGLESIAS	***8443**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	10,00
ALBA CASTRO PRIETO	***8207**	0,00	0,00	3,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	13,00
LUCIA DIAZ LEIVA	***9217**	90,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	100,00
LORENA EIROA PRADO	***9713**	90,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	100,00
SILVIA FERNANDEZ PRADA	***9489**	0,00	0,00	38,70	0,24	0,00	10,00	0,00	0,00	48,94
MARIA FONTE CARDALDA	***8131**	90,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	100,00
ANTIA GOMEZ PEREZ	***2359**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TAMARA IGLESIAS MARTINEZ	***8234**	0,00	9,02	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	19,02





CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.L.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

VANESA LOPEZ MUNIZ	***8124**	1,88	0,00	0,00	1,50	0,00	10,00	0,00	0,00	13,38
VANESA LOPEZ RODRIGUEZ	***4202**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	10,00
JOSEFA LUENGO EDROSA	***4778**	15,04	0,00	6,00	0,72	0,00	10,00	0,00	0,00	31,76
ANGELA MARIÑA OTERO	***3505**	90,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	100,00
LUCIA ONEGA CASTRO	***5045**	0,00	0,00	2,10	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	12,10
DIEGO PEREZ DOPICO	***1454**	0,00	0,00	0,00	10,86	0,00	0,00	0,00	0,00	10,86
IRENE RODRIGUEZ CONDE	***9399**	7,52	0,00	1,80	0,00	0,23	1,50	0,00	0,00	11,50
BEGOÑA RUIZ CARBALLEIRA	***4705**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	10,00
MIGUEL ANGEL SANTIAGO REY	***2339**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	10,00
ISABEL SEREN SEREN	***3757**	0,00	0,00	30,90	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	40,90
RAQUEL SOUTO FERNANDEZ	***8108**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	10,00
ANA MARIA VARELA NUÑEZ	***3680**	5,64	0,00	32,10	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	47,74
ELENA VAZQUEZ RIVAS	***5234**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	10,00

Polo tanto, o tribunal propón o nomeamento das seguintes persoas para cubrir as catro prazas de Técnico/a Especialista Escola Infantil, como funcionarias de carreira, por ser as que maior puntuación acadaron:

LUCIA DIAZ LEIVA	***9217**
LORENA EIROA PRADO	***9713**
MARIA FONTE CARDALDA	***8131**
ANGELA MARIÑA OTERO	***3505**

Formarase unha bolsa de emprego temporal con aquelas persoas que acadaron unha puntuación superior a 15 puntos pola orde da súa puntuación, quedando do seguinte xeito:

BELINDA AMOR CELADA	***8352**	80,50
SILVIA FERNANDEZ PRADA	***9489**	48,94
ANA MARIA VARELA NUÑEZ	***3680**	47,74
ISABEL SEREN SEREN	***3757**	40,90
SARAY BEN GARCIA	***8156**	39,08
JOSEFA LUENGO EDROSA	***4778**	31,76
TAMARA IGLESIAS MARTINEZ	***8231**	19,02

E para que así conste, asinan a Presidenta e a Secretaria do Tribunal, no lugar e data sinalada anteriormente.

